

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

EXTRACTO da Orde do 20 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras dos premios á cooperación, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.

BDNS (Identif.): 437945.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 11 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Poden participar nos premios á cooperación as cooperativas galegas que realizen un destacado labor no eido do cooperativismo.

Segundo. *Obxecto e finalidade*

Os premios á cooperación teñen como finalidade fomentar e difundir o cooperativismo, os seus principios e valores, así como recompensar publicamente o labor que as cooperativas veñen realizando a prol do desenvolvemento do movemento cooperativo na Comunidade Autónoma galega.

Outorgaranse premios nas seguintes categorías:

- Premio aos valores cooperativos, á cooperativa galega que máis destacase no impulso dos valores e principios cooperativos.
- Premio ao mellor proxecto cooperativo novo, á cooperativa galega que na data de publicación da convocatoria teña unha antigüidade igual ou menor a corenta e dous meses e que destaque nas súas achegas nos aspectos sociais, económicos, culturais ou ambientais.
- Premio á traxectoria cooperativa, á cooperativa galega que na data de publicación da convocatoria teña unha antigüidade maior de corenta e dous meses e que destacase pola súa traxectoria no ámbito económico e social.



Terceiro. Bases reguladoras

Orde do 20 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras dos premios á cooperación, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (<http://ceei.xunta.gal>).

Cuarto. Contía

O orzamento total ascende a quince mil euros (15.000,00 €).

Outorgarase un premio de cinco mil euros (5.000,00 €) en cada unha das categorías.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación das solicitudes remata o 30 de abril de 2019. Non obstante, se o período de presentación resulta inferior a un mes, as solicitudes poderán presentarse no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2018

Francisco José Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria

